




Analiza os seguintes mapas, que representan a estrutura da poboación infantil e da terceira idade en 1991. Resposta correctamente ás seguintes cuestións:


- 1ª. Nomea todas as C.AA. cunha poboación infantil superior ao 20% e aquelas que teñen unha poboación maior de 65 anos superior ao 15%.
- 2ª. Describe as causas históricas de tipo económico, político e social que determinaron esa distribución territorial da poboación.
- 3ª. Argumenta as consecuencias que terá esta estrutura demográfica na sociedade e na economía desas rexións.



2. Analiza e comenta a estrutura por idade e sexo da poboación española en 1960 e en 2001



Fuente: INE



Fuente: INE

2.1. Indica a qué modelo de estrutura demográfica corresponde cada unha destas representacións gráficas. Explica as causas de ambas situacións demográficas a comezos e ao remate do século pasado.

2.2. Describe as causas que explican os entrantes correspondentes aos grupos de idade de 15 a 24 anos en 1960 e da poboación infantil e moza en 2001.

2.3. Argumenta as razóns das diferenzas por sexo na poboación da terceira idade na gráfica de 2001.

2.4. Compara a poboación maior de 65 anos en ambas figuras. Describe as diferenzas cuantitativas e argumenta as consecuencias económicas e sociais da situación que reflicte a imaxe correspondente a 2001.


3ª. Analiza os mapas seguintes e resposta correctamente as cuestións propostas.

3.1. Enumera as provincias que tiveron un incremento demográfico superior ao 25 % anual na década de 1960 e aquelas outras que o tiveron entre o 15 e o 24,99 %.

3.2. Describe as causas económicas e sociais deses aumentos de poboación.

3.3. Compara esa situación coa que reflicte o segundo mapa. Describe as semellanzas e os cambios nos comportamentos demográficos rexionais e argumenta as causas económicas e sociais.

TASAS DE CRECIMIENTO INTERCENSAL DE LA POBLACIÓN PROVINCIAL
VALORES ANUALES (X1.000) EN CADA DÉCADA REPRESENTADA



Fuente: INE
 Elaboración: Jesús Monteagudo

4. Analiza o mapa de migracións interiores na década 1971-80 e responde correctamente as seguintes cuestións:

- 4.1. Que CC.AA. teñen valores emigratorios superiores a 101.000 persoas?
- 4.2. Cales foron as que tiveron valores inmigratorios superiores a 101.000 persoas?
- 4.3. Argumenta as causas principais deses saldos migratorios.
- 4.4. Procura información no libro de texto e no curso virtual para explicar os cambios neses saldos nos corenta anos seguintes.
- 4.5. Compara esa situación coa da inmigración recente que reflicte o segundo mapa. Enumera as provincias que recibiron máis inmigrantes a comezos do século actual e explica que características económicas comparten.

